



**Proposta de modificación do “Regulamento da matrícula condicionada en Másteres Universitarios oficiais da Universidade da Coruña”, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 26/01/2023.**

O Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade posibilita, no seu artigo 18, que as universidades podan, excepcionalmente establecer, a partir de normativas específicas aprobadas polos seus órganos de goberno, procedementos de matrícula condicionada para o acceso a un Máster Universitario para os estudiantes de Grao aos que lles resten por superar o Traballo de fin de Grao e como máximo ata 9 créditos ECTS.

Consonte con este precepto, o Consello de Goberno da UDC aprobou o precitado Regulamento da matrícula condicionada en Másteres Universitarios oficiais da Universidade da Coruña, na sesión celebrada o día 26/01/2023.

Actualmente, o avance no proceso de implantación da aplicación informática de xestión académica SIGMA, que será efectivo para a xestión de títulos de Máster Universitario no curso académico 2023/2024, aconsella propor ao Consello de Goberno unha modificación do citado regulamento no seguinte senso:

I. Non se prohibirá a defensa do Traballo de fin de Máster aos alumnos que estean na situación de matrícula condicionada, como medida preventiva para que non podan titularse, habida conta de que a aplicación SIGMA advirte de forma automática de que estes alumnos non poderán solicitar a expedición do seu título.

En consecuencia é necesario que as certificacións académicas destes alumnos expresen de forma correcta a súa situación académica.

II. Derrágase de forma expresa o “Procedemento extraordinario de preinscrición en Másteres Universitarios para alumnos da UDC que non estean en posesión dun título universitario”, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión de data 23/03/2015, habida conta de que coa aplicación da posibilidade que dá o Real decreto 822/2021, non se considera necesario.

III. Dase unha nova data de entrada en vigor do Regulamento vixente por mor da presente proposta de modificación.

**De acordo co exposto, proponse:**

**I. Modificación do Artigo 4.1. Efectos da matrícula condicionada**

Onde di:

1. As/os estudiantes que realicen a matrícula condicionada terán os mesmos dereitos e obligacións que as/os estudiantes con matrícula ordinaria, excepto no que se refire á defensa do Traballo Fin



de Máster (cuxa superación é imprescindible para a obtención do título), que non se poderá efectuar ata que non se acredite a obtención do título de grao correspondente.

Debe decir:

1. As/os estudantes que realicen a matrícula condicionada terán os mesmos dereitos e obrigas que as/os estudantes con matrícula ordinaria, agás no que se refire á expedición do título, **que en ningún caso se podrá tramitar** ata que se acredite a obtención do título de Grao correspondente.

En consecuencia, nas certificacións académicas dos estudiantes de Máster que se atopen nesta situación, que se emitan, deberá constar, ata que se acredite a obtención do título de Grao, o seguinte texto:

“Diligencia para facer constar que as cualificacións que se reflictan neste certificado son provisionais, polo que don/dona (nome da/o estudiante) non se atopa en posesión do título de (nome da titulación de Máster).”

“Diligencia para hacer constar que las calificaciones que se reflejan en este certificado son provisionales, por lo que D./Dª. (nombre del/a estudiante) no se encuentra en posesión del título de (nombre de la titulación de Máster).”

“To state for the record that the grades shown on this certificate are provisional, so that Mr./Mrs. (nombre del/a estudiante) is not in possession of the degree of (nombre de la titulación de Máster).”

## II. Engádese a seguinte disposición derogatoria:

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Queda derrogado o “Procedemento extraordinario de preinscrición en másters universitarios para alumnos da UDC que non estean en posesión dun título universitario”, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión de data 23/03/2015.

## III. Modificación da Disposición final. Entrada en vigor

Onde di:

A presente normativa será de aplicación ao curso académico 2023/24, tras a súa publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC.

Debe decir:

A presente norma, que modifica o “Regulamento da matrícula condicionada en Másters Universitarios oficiais da Universidade da Coruña”, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 26/01/2023, será de aplicación no curso académico 2023/2024, tras a súa publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC.